

XEOLOXIA DA RUTA

A contorna deste roteiro forma parte do chamado "Complexo de Ordes", unidade xeolóxica constituída por materiais alóctonos, é dicir, rocas emprazadas nun lugar diferente onde formáronse.

Estes materiais, lousas e cuarcitas, que en orixe eran sedimentos do fondo mariño sofren un importante incremento na presión e temperatura, como resultado da colisión entre dúas supercontinentes fai 350 millóns de anos.

Pero tamén hai rocas graníticas (granodioritas), formadas millóns de anos despois, como consecuencia do arrefriado lento dun magma no interior da Terra.

Nas zonas de fractura, próximas ao contacto entre as rocas anteriores, fórmanse filóns de cuarzo con arsenopirita (fonte de arsénico) que foron obxecto de explotación mineira. Estes filóns de cuarzo formáronse debido á circulación de fluídos quentes a través das rocas fai aproximadamente 300 millóns de anos.

Historia das minas

Nos anos finais do século XIX identificaríanse nunha faixa de dous a tres quilómetros de ancho, que se estende dende a Punta de Prados (Valdoviño) até Aranga, diversas corridas de filóns de cuarzo asociado con piritas arsenicais parcialmente auríferas e arxentíferas.

As minas de mispíquel de Meirás localízanse sobre os acantilados da beiramar de Taraza, no extremo occidental do areal da Frouxeira. A proporción de ouro no mispíquel das minas de Meirás non sería suficientemente alta para o beneficio de ouro, ao tratarse de varios filóns estreitos de curto percorrido e case sempre sobre os cantís, uns sesenta metros por riba do nivel do mar.

Pero o xacemento si foi merecedor dende 1907 de labores para o beneficio do arsénico, obténdose óxidos de arsénico que se empregarían coma insecticidas.

Despois de efectuar numerosas probas, desistiríase da explotación, pois non foron quen de conseguir un arsénico branco que fora aceptado polo comercio.

As minas explotaríanse noutra volta na década de 1940, na aldea de Meirás houbo, durante a Segunda Guerra Mundial (1939-1945) un forno para o torrado da arsenopirita e a obtención polo refino dos fumes de óxidos de arsénico para o seu uso como insecticida.

A arsenopirita foi amplamente explotada en Galicia entre 1930 e 1950, para a obtención de óxidos de arsénico empregados fundamentalmente como insecticidas, e tamén coma protectores da madeira. O arsénico e algún dos seus óxidos emprégase asemade nalgunhas aliaxes de cobre e bronce, e coma pigmentos para cerámicas, porcelanas e vidros.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Teléfono:881 938 107
cpi.atios@edu.xunta.gal

Tralo fracaso no refino dos óxidos de arsénico, os traballos serían abandonados contra 1928. As minas voltaran a ser explotadas na década de 1940, e de novo abandonadas.

As pegadas das labores mineiras aínda son visibles no terreo, agora inzado polo toxo.